

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 30 DE OUTUBRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica OU-540 Ourense-fronteira de Portugal (A Magdalena), situado entre os puntos quilométricos 39 + 560 - 41 + 240, a prol do Concello de Bande.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, en materia de convivencia escolar, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei da economía social de Galicia.
- Acordo polo que se insta á creación dunha base de datos poboacional e a regulación da historia social única.



---

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución da orde de axudas para a modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto Conecta 72.



## A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE BANDE O TREITO URBANO DA ESTRADA OU-540

- ***O decreto aprobado hoxe polo Consello afecta as travesías de Bande e Vilameá***
- ***O tramo de estrada Ourense-fronteira de Portugal afectado por este cambio de titularidade suma unha lonxitude de máis de 1,5 km***
- ***A entrega das vías formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***Correspóndenlle ao Concello de Bande, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Bande dun treito da estrada autonómica Ourense-fronteira portuguesa (OU-540) ao seu paso polos núcleos de Bande e Vilameá.


Trátase do tramo coñecido como as travesías de Bande e Vilameá, que discorre entre o punto quilométrico 39+560 e o 41+240, polo que suma unha lonxitude de máis de 1,5 quilómetros.

O treito presenta características de vía urbana cun tráfico eminentemente local. A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos que estean incluídos no inventario de travesías da súa Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas. Neste caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais.

Correspóndenlle ao Concello de Bande, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A continuación, preséntase un plano no que se amosan os treitos que se van transferir ao Concello de Bande.





Treito que se transfere



Comunicación da Xunta de Galicia  
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
 "Unha maneira de facer Europa"  
 FONDO SOCIAL EUROPEO  
 "O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

## **A XUNTA APROBA UNHAS DIRECTRICES PARA ELABORAR TEXTOS NORMATIVOS MÁIS SINXELOS, HOMOXÉNEOS E COMPRESIBLES**

- *É un mandato da Lei de racionalización, no seu afán por aclarar o mapa normativo galego, proporcionar seguridade xurídica e eliminar obstáculos administrativos*
- *Aplicarase fundamentalmente na elaboración de anteproxectos de lei, proxectos de decreto lexislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral*
- *Para a súa elaboración partiuse de exemplos anteriores do Goberno central e doutras comunidades, así como recomendacións do Consello Consultivo de Galicia*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ás Directrices de técnica normativa, un instrumento cuxa creación xa recollía a Lei de racionalización do sector público autonómico e que ten por obxectivo proporcionar pautas para a elaboración de textos máis sinxelos, homoxéneos e comprensibles.

A Lei de racionalización comprometía a Xunta coa racionalización, simplificación e mellora da calidade das súas normas cunha serie de medidas destinadas a conseguir un mapa normativo máis claro e sinxelo, que proporcione seguridade xurídica e elimine obstáculos administrativos.

Neste sentido, o propio Tribunal Constitucional conectou a seguridade xurídica coa técnica normativa, ao afirmar que “unha lexislación confusa, escura e incompleta dificulta a súa aplicación e, ademais de socavar a certeza do dereito e a confianza dos cidadáns nel, pode terminar por manchar o valor da xustiza” (STC 150/1990, do 4 de outubro).

As directrices aprobadas hoxe aplicaranse na elaboración de anteproxectos de lei, proxectos de decreto lexislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral. Ademais, teranse en conta na redacción das propostas de acordo do Consello da Xunta e dos actos administrativos dos órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais que se publiquen en diarios oficiais. Así mesmo, poderán servir de orientación para outros actos, escritos e documentos que redacten estes órganos e entidades.

Para a elaboración das directrices partiuse de exemplos anteriores do Goberno central e doutras comunidades autónomas, así como recomendacións efectuadas polo Consello Consultivo nos seus ditames sobre proxectos normativos. Ademais, tamén se tivo en conta o Manual de estilo do DOG, unha guía elaborada en 2012 pola Xunta de Galicia para contribuír a unha linguaxe administrativa moderna e transparente, accesible para todos os cidadáns.



---

O texto comprende máis dun cento de epígrafes, que se dividen en catro apartados: estrutura dos anteprojectos de lei, proxectos de decreto legislativo e proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral; especificidades das disposicións modificativas; especificidades relativas aos decretos aprobatorios e criterios lingüísticos xerais.



## **GALICIA CONTINÚA A SER A COMUNIDADE PIONEIRA NA MELLORA DO CLIMA ESCOLAR COA ELABORACIÓN DO DECRETO QUE DESENVOLVE A LEI DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

- ***A Consellería de Cultura e Educación elaborou a primeira lei en España ao respecto na que se recolle tamén o cyberbullying de forma específica, e publicou ademais un protocolo para guiar os centros nestas situacións***
- ***Como novidade, establécese o procedemento conciliado para a resolución de conflitos, promovendo o diálogo entre as partes e a inmediatez da corrección educativa***
- ***Así mesmo, créase un Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, así como unha Comisión de Convivencia en cada centro de ensino***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria porá o acento nas actuacións preventivas e na formación do alumnado, profesorado, familias e persoal non docente no decreto que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, que será enviado ao Consello Consultivo tras a súa aprobación hoxe polo Consello da Xunta. Deste xeito, Galicia continúa a ser a comunidade autónoma pioneira na mellora do clima escolar, ao elaborar a primeira lei en España que recolle tamén o *cyberbullying* de forma específica, e que publicou un protocolo de prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, polo que é a primeira comunidade autónoma que recolle nun mesmo protocolo o tratamento do acoso e a do ciberacoso. Cómpre salientar, ademais, que se mantén a aposta pola rápida resolución dos procedementos que se abran para a imposición das medidas correctoras, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á súa incoación.

Cómpre sinalar que a Consellería ten en marcha outras iniciativas neste eido, como actividades de formación do profesorado, a participación en programas a prol dun bo clima na aula –proxecto europeo ARBAX, Plan director en colaboración coa Delegación de Goberno, entre outros-, ou o lanzamento de diferentes espazos web con recursos para o profesorado e o alumnado arredor desta materia.

### **Consello para a Convivencia Escolar**

O novo texto afonda nas bases sentadas pola devandita lei, en concreto no referido a centrar as accións dirixidas a mellorar o clima escolar na detección das condutas conflictivas, na mediación e na corresponsabilidade. Neste sentido, o decreto sinala por primeira vez a todos os membros da comunidade educativa como axentes responsables da convivencia escolar. Para velar por ela establécese a creación dunha comisión de convivencia, que se encadrará no seo do Consello Escolar. Entre as súas funcións estará a elaboración do Plan de convivencia, a adopción de medidas



preventivas e de mellora da convivencia, así como todas as accións dirixidas ao seu seguimento e das actuacións correctoras.

Ademais, o decreto prevé a creación do que será o primeiro Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, un órgano consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, que contará co apoio dos servizos técnicos da Administración para fomentar a participación dos membros da comunidade educativa na mellora do clima nos centros de ensino.

Entre as súas funcións estarán a de avaliar a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida de información, análise e difusión dos datos, impulsando e propoñendo liñas de actuación de investigación, prevención e inclusión nesta materia, información que será recollida nunha memoria anual elaborada ao remate de cada curso escolar. Ademais, propondrá iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevará propostas de actuación á Administración educativa e realizará o seu seguimento e avaliación; incluírá tamén liñas de actuación en materia de formación do profesorado. Así mesmo, o Consello colaborará e coordinará as súas actuacións con diferentes organismos e entidades que teñan entre os seus fins a prevención e resolución de conflitos, así como a potenciación e mellora da convivencia escolar.

### **Acento nas medidas preventivas**

O decreto pon o acento na prevención e na detección precoz, promovendo o desenvolvemento de actividades de acollida, sensibilización e formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente neste eido. Así, faise especial fincapé nas actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia desde unha perspectiva preventiva, e a Consellería comprométese a impulsar actividades formativas nesta materia. De feito estas actuacións xa se prevén en convocatorias como a de plans de formación en centros. Nesta mesma liña, a mediación escolar aparece destacada como unha medida de resolución de conflitos.

Outra das novidades deste decreto é o establecemento do procedemento conciliado para a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, de xeito que se persegue que o diálogo, a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia sirva para que a persoa agraviada se sinta valorada, que as medidas correctoras sexan consensuadas -de ser o caso- coa colaboración dun mediador para lograr o achegamento coas persoas afectadas e, ao mesmo tempo, para facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Así mesmo, régúlase o funcionamento das aulas de convivencia inclusiva para substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición de medidas correctoras; e das escolas de nais e pais, que poderán propoñer iniciativas tendentes a





prever e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

Nesta mesma liña establécese que as medidas de corrección deberán ter carácter educativo e recuperador, garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente, ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida e, en definitiva, contribuír a que a alumna ou o alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes, mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e a súa integración no centro educativo.

### **Plan de convivencia**

O novo decreto define tamén o obxecto, fins e principios do Plan de convivencia de cada centro, así como a súa estrutura e contidos. Neste sentido incide na necesidade de que se inclúan medidas, actuacións e programas favorecedores dunha convivencia de calidade, e procesos de seguimento, avaliación e mellora do propio plan.

Ademais, o texto afonda nas liñas postas pola Lei 4/2011 no referido ás normas de organización, funcionamento e convivencia dos centros educativos, e nas actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia neles. Neste sentido as normas de cada centro concretarán os dereitos e deberes do alumnado e establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións correspondentes, e poderán incluír, por exemplo, previsións sobre a vestimenta do alumnado ou sobre o uso de dispositivos móbiles e electrónicos.



## INICIA A SÚA TRAMITACIÓN O ANTEPROXECTO DE LEI DE ECONOMÍA SOCIAL, QUE REGULARÁ UN SECTOR CON MÁIS DE 7.000 ENTIDADES

- *A Consellería de Traballo e Benestar presentou o primeiro texto desta lei ao Consello da Xunta, unha normativa que converterá Galicia nunha comunidade pioneira en contar cun texto destas características*
- *O seu obxectivo é potenciar a presenza, o crecemento e a influencia da economía social*
- *Integra un sector que estaba ata agora disperso e abre canles de participación institucional para favorecer a visibilización destas actividades*
- *Tamén simplifica os trámites administrativos e promoverá a introdución de cláusulas sociais que favorezan a participación destas entidades na contratación pública*
- *O texto modifica tamén a anterior Lei de cooperativas para regular as "cooperativas xuvenís", unha figura xa recollida por vez primeira na orde de axudas deste ano*

O anteproxecto de Lei de economía social inicia hoxe a súa tramitación. Trátase dunha normativa que converterá Galicia nunha comunidade autónoma pioneira en contar cun texto destas características, que regulará e integrará un sector, ata agora disperso, que engloba a máis de 7.000 entidades.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que dá conta do contido desta norma, que ten como obxectivo principal potenciar a presenza, o crecemento e a influencia da economía social en todos os campos, tanto na acción social como na económica e empresarial.

A economía social baséase en valores como a axuda mutua, a solidariedade, a responsabilidade social, a democracia e a equidade, e réxese por principios, entre os cales cómpre destacar a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, o compromiso co territorio, co desenvolvemento local e a sustentabilidade, e a xeración de emprego estable e de calidade.

As entidades que conforman a economía social son: cooperativas, sociedades laborais, asociacións e fundacións con actividade económica, comunidades de montes veciñais en man común (unha achega singular desta lei, que incorpora esta institución peculiar recollida no dereito civil galego), confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, empresas de inserción e centros especiais de emprego; e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na presente lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

Entre os obxectivos da lei, prevese especificamente o impulso de estruturas representativas e de presenza institucional, co fin de recoñecerlle ao sector o peso



específico que lle corresponde pola súa presenza na sociedade galega, e permitíndolle así participar nos foros onde se deseñan as políticas que lles afectan.

Nesta área de actuación, cabe destacar que a lei creará o Consello da Economía Social de Galicia, que coordinará as actuacións para o fomento e promoción destas entidades. Estará composto por membros da Xunta de Galicia, da economía social, da Fegamp e das universidades de Galicia. Este organismo traballará coordinado co Consello Galego de Cooperativas, que manterá as súas competencias.

Ademais, a normativa tamén recolle a promoción da introdución de cláusulas sociais que favorezan a participación destas entidades na contratación pública.

No aspecto financeiro, promoveranse instrumentos especialmente orientados ao lanzamento de novos proxectos de emprendemento colectivo, tales como programas de microcréditos e fondos de capital risco. Prevese a participación do sector público e privado no seu financiamento.

A lei tamén achega medidas noutros ámbitos, como na educación. Neste sentido, inclúese a introdución da economía social nos plans de estudos, en particular nos niveis previos ao acceso ao mundo laboral e na formación para o emprego, co fin de estimular o emprendemento xuvenil.

### **Cooperativas xuvenís**

No texto desta lei inclúese tamén unha modificación da Lei de cooperativas, co fin de crear a figura da “cooperativa xuvenil”, que xa foi anticipada –por vez primeira– pola orde de axudas deste ano, que achegaba unha primeira definición, e que agora se regula nesta lei.

Estas cooperativas estarán constituídas, maioritariamente, por mozos e mozas de entre 16 e 29 anos. Ademais, incorpóranse facilidades para constituír este tipo de cooperativas. En concreto, redúcese o capital social mínimo ata 300 euros (nos casos ordinarios é de 3.000 euros). O resto de cooperativas deben constituírse obrigatoriamente a través de documento público, o que xera gastos notariais.

Cabe lembrar que na orde de axudas deste ano xa se recollían as cooperativas xuvenís, que neste exercicio contaron cun incentivo de ata 15.000 euros. Ademais, contaban cun 25% de incremento nas contías previstas no resto de programas de axuda que recolle a normativa.

Esta iniciativa forma parte do esforzo conxunto do Goberno galego por promover a economía social, no que se levan realizado distintos avances como a modificación da



---

Lei de cooperativas ou a creación da Rede Eusumo en 2012, que xa permitiu a creación de 52 novas cooperativas e 2 sociedades laborais.



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

## **A XUNTA INICIA AS ACTUACIÓNS PARA A CREACIÓN DUNHA BASE DE DATOS POBOACIONAL SOCIOSANITARIA E A REGULACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA**

- ***Este acordo, incluído no Plan Trabe de modernización tecnolóxica dos servizos sociais de Galicia, realizado en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), permitirá a utilización da información poboacional do sistema de tarxeta sanitaria***
- ***O plan busca conseguir unha coordinación interadministrativa eficiente para a planificación das iniciativas e intervencións cos usuarios, entre os axentes que forman parte do sistema ou con outros organismos externos***
- ***A utilización dunha base poboacional sociosanitaria, impulsará a coordinación entre o sistema público de saúde e o sistema de servizos sociais***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe para que o Goberno da Xunta leve a cabo as actuacións necesarias para a creación dunha base de datos poboacional de referencia no ámbito sociosanitario de Galicia, é dicir, a identificación común dos usuarios do sistema. Para isto utilizarase a base de datos poboacional da tarxeta sanitaria do Sergas e, deste xeito, facilitarase a identificación unívoca do usuario e a rastrexabilidade de todas as actuacións e prestacións que recibe no ámbito dos servizos sociais.

Este acordo, incluído no Plan Trabe de modernización tecnolóxica dos servizos sociais de Galicia, que establece a estratexia tecnolóxica do Goberno galego no ámbito dos servizos sociais, así como no Plan marco de coordinación sociosanitaria de Galicia, impulsará definitivamente as dúas actuacións capitais para a modernización dos servizos sociais. O Plan Trabe, realizado en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), esténdese ata 2017 e conta cun orzamento de 20 millóns de euros.

Dunha banda, permitirá o desenvolvemento normativo da historia social única (HSU), que consistirá nun sistema que consolidará a información completa dos usuarios en canto ás súas intervencións e actuacións co sistema de servizos sociais, e que poderá integrarse no futuro coa historia clínica. Neste asunto o departamento autonómico investirá máis de 700.000 euros ata 2015.

A través do desenvolvemento normativo da HSU, e de xeito paralelo ao desenvolvemento da plataforma tecnolóxica que a sustentará, preténdese conseguir unha coordinación interadministrativa eficiente para a planificación das iniciativas e intervencións cos usuarios entre os axentes que forman parte do Sistema galego de servizos sociais ou con outros organismos externos.



E, doutra banda, a utilización da información poboacional do sistema de tarxeta sanitaria, como repositorio unificado de persoas, que conterá a información de usuarios ou usuarios potenciais dos servizos sanitarios e sociais, e que impulsará a coordinación entre o sistema público de saúde e o sistema de servizos sociais, converténdose nun apoio estratéxico á viabilidade dos dous sistemas.

A posta en marcha desta ferramenta contará con numerosas vantaxes, tales como a disposición dun sistema de información global, que permitirá a continuidade asistencial e unha rastrexabilidade completa desde os servizos comunitarios ate os especializados; a realización de actuacións coordinadas entre os diferentes axentes que forman parte do Sistema galego de servizos sociais, en especial entre a Administración autonómica e as locais; posibilitarase unha coordinación entre o sistema de servizos sociais e o sanitario que permita chegar a unha planificación conxunta das actuacións e iniciativas estratéxicas; e suporá un aforro potencial anual que pode ser destinado a mellorar a calidade asistencial e autofinanciar o sistema.

### **Novos instrumentos de xestión**

Ao longo destes anos, a Consellería vén traballando na mellora do sistema a través da implementación de novos instrumentos de xestión, entre os que se poden destacar a ferramenta informática que permite a xestión integral de todo o procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (SIGAD); a descrición, análise e simplificación do procedemento elaborando o mapa de procesos simplificado, así como o manual que recolle os procedementos e documentos técnicos do SAAD no ámbito dos servizos sociais comunitarios e de saúde de Galicia.

Así mesmo, destaca a posta en marcha do expediente dixital, un proxecto con que se persegue a mellora nos tempos de resolución e calidade da xestión do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia en Galicia, e unha mellora nos servizos ofrecidos á cidadanía mediante a implantación de escenarios de administración electrónica.

Na data actual xa está dispoñible un sistema de dixitalización e catalogación dos expedientes de dependencia, así como a dixitalización no sistema do arquivo histórico, o que supuxo a dixitalización de máis de 140.000 lotes e máis de 8,5 millóns de imaxes.

Todas estas medidas enmárcanse nun plan de mellora de calidade, que ten como fitos fundamentais a Carta de servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, primeira carta auditada que se aproba en materia de servizos sociais; a implantación do modelo de calidade EFQM; ou o informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal.



## A XUNTA IMPULSA CON 1,5 MILLÓNS DE EUROS MÁIS DE 400 INICIATIVAS DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN NO SECTOR COMERCIAL E ARTESÁN

- ***Economía e Industria concedeu apoios a máis de 230 comercios e obradoiros para impulsar a súa competitividade e dar resposta ás novas demandas dos consumidores***
- ***Preto do 65% dos proxectos apoiados potencian o desenvolvemento de novas fórmulas de comercialización mediante a internet e as redes sociais***
- ***Tamén se apoia a posta en marcha de sistemas de packaging ou a implantación de novas ferramentas de xestión***

A Consellería de Economía e Industria impulsa con apoios por preto de 1,5 millóns de euros máis de 400 iniciativas innovadoras no sector comercial e artesán galego a través da convocatoria de axudas para a modernización e o establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización, de cuxa resolución se informou hoxe no Consello da Xunta. Así, máis de 230 comercios e obradoiros artesáns e 5 federacións de comerciantes e asociacións de artesáns desenvolverán proxectos que permitirán incrementar a súa competitividade e dar resposta ás novas demandas dos consumidores.

Preto do 65% dos proxectos apoiados potenciarán o desenvolvemento de novas fórmulas de comercialización combinando o comercio en liña co tradicional a través de novos sistemas de venda e información ao consumidor que impliquen as redes sociais ou mediante o desenvolvemento do m-commerce (a través do teléfono móbil), e co desenvolvemento de apps e webs móbiles.

A través destas axudas apóiase tamén a implantación de ferramentas que melloran a xestión dos negocios e o deseño dos seus produtos non utilizadas con anterioridade, e o desenvolvemento e implantación de novos sistemas de *packaging* e etiquetaxe, así como para o deseño de novos produtos.

A activación deste innovador programa, que se puxo en marcha por primeira vez este ano, enmárcase na estratexia específica de impulso da competitividade do sector comercial que ten en marcha a Consellería de Economía e Industria, centrada en eixos como a innovación, o apoio ao asociacionismo, o emprendemento ou a potenciación das prazas de abastos como líderes na venda de produto fresco e de calidade.

Do mesmo xeito, encádrase no Plan de artesanía de Galicia, unha folla de ruta que ten por obxectivo conseguir un sector artesán sólido e sustentable no tempo e que contribúa ao crecemento da economía galega, incidindo na competitividade empresarial e na potenciación do talento galego.



Os apoios que se concederon na orde da que hoxe se informou no Consello da Xunta supoñen o 70% do investimento subvencionable e chegan ata o 75% para os obradoiros ou comercios situados nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa.





## **TODOS OS PACIENTES DADOS DE ALTA HOSPITALARIA RECIBIRÁN UNHA CONSULTA TELEFÓNICA DO PERSOAL DE ENFERMARÍA DO SEU CENTRO DE SAÚDE NAS SEGUINTES 72 HORAS**

- ***Ao redor de 230.000 persoas ao ano poderán acceder a este servizo***
- ***O obxectivo é estendelo a todos os centros o primeiro trimestre de 2015***

O Servizo Galego de Saúde traballa na implantación do programa Conecta 72, a través do cal todos os pacientes que reciban a alta hospitalaria -ao redor de 230.000 ao ano- recibirán nas primeiras 72 horas tras a alta unha consulta telefónica por parte do persoal de enfermaría do seu centro de saúde.

Esta iniciativa ten como obxectivo mellorar a calidade asistencial aos cidadáns; aumentar a relación e confianza entre pacientes e profesionais sanitarios; facilitar e axilizar a integración e continuidade nos coidados dos doentes tras a alta; homoxeneizar a práctica asistencial; e previr e intervir precozmente ante os problemas de saúde que poidan xurdir.

No que atinxe ao seu funcionamento, no momento da alta xerárase de forma automatizada unha cita de consulta telefónica Conecta 72 na axenda de enfermaría de Atención Primaria, no primeiro oco dispoñible. Para poñerse en contacto co paciente, utilizarase o teléfono que conste nos seus datos administrativos ou no informe de alta de continuidade de coidados.

O día da cita, o paciente constará na lista de traballo do sistema informático lanus. O profesional de enfermaría revisará a súa historia clínica -en particular, a súa última hospitalización- e porase en contacto telefónico con el ou ela.

Na chamada, tras identificarse e identificar o paciente, o profesional valorará os diagnósticos pendentes de resolver, de habelos; o coñecemento e o manexo, se procede, da medicación prescrita, as drenaxes, as curas, as vías, as sondas, a oxigenoterapia e as órteses; a xestión das citas de enfermaría que se precisen; e a confirmación e orientación das citas pendentes que aparecen no informe de alta. Todos os datos obtidos desta consulta, máis as intervencións realizadas, quedarán rexistrados na historia clínica electrónica do paciente.

A iniciativa comezará este mes co establecemento dun centro de saúde por estrutura organizativa de xestión integrada para desenvolver un programa piloto. O obxectivo é estendelo a todos os centros o primeiro trimestre de 2015.